

ARQUITECTURA DA MORTE DA LAMA (I)

MANUEL ÁNGEL BUGALLO OTERO
& FRAN GARCÍA FERNÁNDEZ



A idea da morte non é igual en todas as sociedades. Cada grupo humano expresa as súas crenzas mediante a súa relación co binomio vida-morte, a través do imaxinario que leva á realización de ritos e prácticas que conforman o acervo cultural de cada

No caso galego existe unha cosmovisión en que a presenza da morte é relevante, moi significativa no ámbito rural. A morte esta presente na cultura galega, non se evita nin se agocha o seu tratamento, respectuoso pero directo.

A morte en Galicia ten formas, espazos, nomes e ditos. É inevitable e temida pero levadeira polos mecanismos establecidos socialmente para soportar a dor que xera, asumíndoa como parte relevante da vida.

A MORTE EN GALICIA: UNHA VISIÓN ANTROPOLÓXICA

Que é a morte?

A morte é un fenómeno que condiciona as crenzas e prácticas de grupos humanos de diversos tempos e lugares.

Galicia, historicamente unha sociedade agraria tradicional, ten unha estreita relación cultural coa morte, estando moi presente no día a día e sendo tratada con certa familiaridade nun mecanismo que resta relevancia ao suceso máis transcendental da vida: a ausencia mesma dela.


A relación de proximidade coa morte dáse na sociedade tradicional galega até a progresiva transformación desta ao longo do século XX. Nas sociedades actuais, a morte, como artellador cultural, ten un papel secundario, estando menos presente. Ten, polo tanto, un menor peso no imaxinario pero mantén unha forte compoñente como acto creador de sociabilidade, especialmente no ámbito rural e mesmo no rururbano.

A vivencia da morte

As diversas prácticas vinculadas á morte inclúen todo tipo de ritos, relixiosos e non relixiosos, que engarzan en fondas tradicións, creando todo un corpus de crenzas expresadas en accións concretas, onde o enterro é o punto culminante do proceso.

Na sociedade tradicional, a morte está presente na vida cotiá mentres que na actualidade tendemos a unha ocultación da mesma a pesar da súa continua presenza. Ante a evidencia, as sociedades modernas ocultan a vivencia da morte, realizando unha omisión consciente desta. A día de hoxe a morte vívese a través dos falecementos de achegados, tentando obviar a propia.

A ascensión da morte é un dos grandes traumas do ser humano. A ausencia non pode ser paliada e son procurados diversos mecanismos rituais que teñen un marco espacial e temporal concreto. Na actualidade a maioría de referentes vinculados á morte estanse a perder ou transfórmanse nunha sorte de equiparación universal que non deixa lugar aos matices propios. En realidade moitas desas prácticas tiñan unha vinculación directa cun sistema de crenzas non vixente nunha sociedade actual tendente ao laicismo.



[Natureza morta con caveira. Philippe de Champaigne] F01

Os tempos e lugares da morte

A morte ten múltiples significados que van acompañados dos diversos espazos cerimoniais e de sepultura. Por un lado, os diversos ritos teñen o seu propio tempo e ritmo. Por outro, precísanse solucións de interacción entre a morte e a arquitectura, que lle acheguen remedios funcionais e simbólicos ao proceso.

As crenzas, procesos e realidades vinculadas á morte foron mudando nas últimas décadas coa ascensión de novas prácticas afastadas da ortodoxia relixiosa. Faremos, polo tanto, referencia aos tempos e lugares da morte no modelo tradicional, do que aínda quedan trazas na actualidade.

O fogar familiar ten relación coa morte como espazo físico en que acontece, en moitos dos casos, e como lugar de realización do velorio ata hai moi poucos anos, cando os modernos tanatorios realizan esa función.

O velorio é o primeiro grande acontecemento *post mortem*. A práctica relixiosa fala de velar o defunto de corpo presente e coa finalidade de acompañar a familia. O termo provén do latín “vigilare” en referencia ao coidado e protección do corpo do falecido, tanto no senso físico como espiritual. Para iso tomábanse unha serie de medidas de protección simbólicas como a presenza da cruz, o rezo do rosario e mesmo fouces e tesoiras ao pé do cadaleito. O corpo é velado día e noite.

A casa na sociedade tradicional galega é algo máis que unha construción ou un espazo físico, é un microcosmos que adquire entidade de seu como centro da vida familiar. No momento da morte a casa ten gran relevancia como lugar de recepción de familiares, veciños e achegados.

O salón, de existir, era o lugar escollido para o velorio. En calquera caso, procurábase un espazo amplo no que acoller o cadaleito é os visitantes. Estes fanlle compañía á familia e alivian o desgusto da perda do ser querido. No proceso refórzanse os vínculos comunitarios a través dun mecanismo ideado para desviar a atención da morte mediante conversas, aperitivos e descansos en que se realizan xogos e incluso brincadeiras coa fin de facer levadeira a velación e entreter a familia.

O velorio exclúe nenos e nenas, mulleres embarazadas e gando de maior valor polo medo a que o “aire do defunto” xere males maiores.

Rematado o velorio, chega o enterro. Isto supón un tránsito dende a residencia familiar até a igrexa para proceder cos oficios funerarios. A comitiva acompaña cadaleito e familia por unha itinerario establecido dende cada aldea, o denominado “camiño de mortos”. En función da distancia, o camiño pode contar con paradas, habilitadas con altar ou cruz, en que descansar e rezar un responso pola alma do falecido. O féretro era levado por achegados do falecido, acompañados polos asistentes ao enterro e os curas párrocos que realizarán o oficio.

Unha vez realizada a sepultura e realizado o funeral na igrexa, a actividade prosegue de novo na casa familiar. As comidas ou ceas funerarias son o momento de distensión trala tensión acumulada e ofréceselles en modo de agradecemento aos asistentes máis directamente vinculados coa familia.

Misas posteriores, cabodano e Defuntos serán os próximos encontros entre parte dos asistentes.

Os Días dos fieis Defuntos e de Todos os Santos celébranse o un e dous de novembro. Igrexa e cemiterio son decorados con flores, candeas e adornos. O cemiterio é o centro da vida social neses días nunha tradición da que hai precedentes dende o século IV e que foi adaptada pola liturxia apostólica romana no século XIV.

Os cemiterios son o espazo máis evidente da morte. A súa localización marca a paisaxe rural galega, xunto coas igrexas, cruceiros, petos de ánimas e demais referentes simbólicos. As diversas tipoloxías construtivas, significados tamaños e formas dos nosos camposantos xera un interesante campo de estudo no que cómpre realizar unha análise multiescalar que debe incluír aspectos construtivos xunto con aqueles que responden ao marco simbólico e de identidade.

Os cemiterios son espazos sinxelos dende o punto de vista arquitectónico en que, non obstante, cada detalle conta polo seu significado e carga simbólica, e onde se agocha unha grande complexidade. A propia localización en relación á parroquia é relevante, e considérase un referente espacial absoluto da Galicia rural como fitos paisaxísticos.

O RITO FUNERARIO

Ao longo da historia, o home manifestou unha constante preocupación con respecto á morte, quedou plasmada nos ritos relacionados coa supervivencia e memoria dos defuntos.

O rito funerario é unha proba da necesidade do home de deixar constancia da súa presenza neste mundo, o simple acto de situar un cadáver colocado en certa forma e lugar determinados xorde como unha das primeiras manifestacións arquitectónicas da cultura occidental.

A continuación faremos un breve percorrido pola historia da evolución do rito funerario, desde a súa orixe ata comezos do século XX, momento de definición arquitectónica e espacial dos cemiterios presentes no concello da Lama e estudados no presente artigo.

Prehistoria

Idade de Pedra

Os primeiros enterramentos con ofrendas funerarias que se coñecen datan do Paleolítico Medio, situados nos xacementos musterienses de Skhul e Qafzeh en Israel cunha antigüidade ao redor dos 100.000 anos. Segundo estudos realizados polo investigador Chris Brown, estes restos fósiles foron atribuíbles inicialmente aos neandertais co nome *Palaeoanthropus palaestinensis* (Weidenreich 1932) e logo a temperáns *Homo sapiens*, aínda que a verdadeira relación destes cos humanos modernos é discutible.

En Europa os restos das primeiras prácticas funerarias, corresponden cos xacementos da Chapelle-aux-Saints ou da Ferrassie que datan dos anos 45.000 a 35.000 a. C, correspondentes co enterramento do *Homo neanderthalensis*. No primeiro deles podemos atopar os restos de “o Vello”, cuxa posición anatómica, os seus ósos en conexión, a disposición no espazo, así como a estratigrafía sinalan que se trata enterramento de tipo funerario.

O home primitivo comeza a recoñecer ao defunto como tal, o que implica un comportamento ritual e por tanto humano.

A maioría dos enterramentos desta época atopáronse en covas ou lugares abrigados, existen así dous tipos de inhumacións, en fosas escavadas e en sepulturas baixo acumulacións de bloques ou laxas.



[O Vello de Chapelle-aux-Saints] F02

O megalitismo

Falar de megalitismo é falar dos primeiros ritos vinculados á morte en Galicia. Conformados por grandes construcións monumentais realizadas en pedra, son consideradas como os primeiros intentos de apropiación consciente do espazo por parte dunha comunidade humana do pasado con fins funerarios e relixiosos.

Un megálito é un monumento prehistórico realizado cun ou varios bloques de pedra, de gran tamaño e sen labrar. O termo procede das palabras gregas “mega” (μεγας), grande, e “lithos” (λιθος), pedra, que conforman o resultado dunha sociedade que descoñecía o uso dos metais e empregaba tanto este material como a madeira e os ósos no seu día a día.

En Europa podemos establecer dúas áreas de distribución con cronoloxías diferenciadas, a mediterránea e a atlántica. Delas chegaronnos gran cantidade de restos arqueolóxicos de recintos funerarios, pero pouca documentación e información sobre os seus poboados, o que fixo que esta época sexa máis coñecida pola morte que pola vida dos seus habitantes.

Para moitos investigadores, o megalítico non só cumpre unha función funeraria, senón que poderían representar “marcas territoriais” vinculadas ás distintas comunidades presentes dentro dun espazo xeográfico. O emprazamento dos túmulos adoita corresponder con zonas de suave pendente con chans graníticos que destacan de forma intencional no territorio.

Os primeiros monumentos megalíticos galegos aparecen hai uns 7000 anos, o termo “mámoa” do latín *mammula* (mama) é o máis empregado para referirse aos túmulos ou amontoamentos de terra e pedras dispostas na maioría dos casos en forma semiesférica, que dan acubillo e sinalan o emprazamento dun ou varios enterramentos construídos con pedras, antas ou dolmens. No seu interior, baixo a terra, atópase a cámara sepulcral construída con grandes laxas de pedras dispostas en forma vertical ou inclinadas, que lle serven de apoio á gran laxa horizontal que cobre o espazo.

Galicia conta cun gran número de xacementos que son un bo indicador da poboación numerosa pero dispersa dentro do territorio, o que dá lugar á aparición de mámoas agrupadas a escasa distancia e crea necrópoles tumulares. En canto aos tipos de megálitos presentes en Galicia podemos atopar tres fases diferenciadas: a primeira formada por dolmens simples, sen corredor, abertos ou pechados; unha segunda caracterizada por exemplares de maior tamaño con corredor máis desenvolvido; e finalmente unha terceira formada por túmulos de pequeno tamaño, de formas máis traballadas e rectangulares.

Un dos referentes máis importantes do megalitismo galego é o dolmen de Dombate, situado na parroquia de Borneiro, no municipio de Cabana de Bergantiños. Atópase situado nunha extensa chaira denominada “A Chan de Borneiro” a 200 metros de altitude sobre o nivel do mar. Foi declarado Ben de Interese Cultural (entón Monumento Histórico-Artístico) de carácter provincial na data do 11 de Marzo do 1978.

No concello da Lama consérvanse algúns restos funerarios ou mámoas: na Portela da Cruz, O Suído, O Seixo e Antas, segundo datos do inventario arqueolóxico provincial.

Idade dos Metais

No ocaso do megalitismo, co abandono dos grandes monumentos como depósitos funerarios, o home pasa dunha “sociedade de mortos” a unha “sociedade de vivos”, xa que os mortos desaparecen do rexistro arqueolóxico. A este suceso, súmaselle un de grande importancia como é o establecemento do castro como asentamento dunhas comunidades que farán do seu illamento o seu aceno de identidade simbólica.




[Dolmen de Dombate] F03

A ausencia de restos de monumentos funerarios desta etapa, en contraste coa cultura megalítica, é un feito de suma importancia presente en Galicia. A desaparición dos túmulos de enterramento coincide coa realización de depósitos votivos nos ríos, unha realidade que se incrementará durante a Idade do Bronce e continuará ao longo da Idade do Ferro e dotará a auga dun carácter simbólico de conexión entre o mundo dos vivos e dos mortos.

A presenza deste tipo de enterramento fixo pensar dun sistema preponderante nesta época, pero grazas aos estudos realizados pola profesora de Prehistoria da Universidade do Minho, Ana M. S. Bettencourt, púidose comprobar que esta tipoloxía convivía con outras dúas dentro do noroeste peninsular. A primeira delas estaba vinculada a pobos sedentarios cun certo potencial agrícola e dominio da paisaxe circundante, cuxos enterramentos se atopan resoltos mediante pequenas estruturas tumulares, sepulturas planas e fosas. E a segunda, relacionada con comunidades de montañas en que as actividades pastorís primarían sobre as agrícolas, cun carácter máis trashumante, polo que a tradición megalítica vai ser a súa forma de inhumación.

Durante este período queda patente a convivencia de diferentes formas de enterramento. Ata inicios da Idade do Bronce, o cadáver e o seu depósito tiñan un carácter material no sentido de promover unha identidade social e de lexitimar a ocupación dun determinado territorio. Pero o avance da incineración e de formas de enterramento que se camuflan na paisaxe ao longo deste período, especialmente no Bronce Final, mostran unha transición que culminará coa construción do castro na Idade do Ferro, onde a propia morfoloxía do asentamento fai innecesaria a presenza de enterramentos tumulares visibles. Os castros serven como lugares de referencia e de encontro social, a sociedade aparece asentada definitivamente nun territorio fixo e o enterramento, como aspecto material, perde importancia.

En Galicia ante a ausencia de restos de monumentos funerarios desta etapa en contraste coa cultura megalítica, exponse a hipótese da reutilización dos anteriores sepulcros megalíticos, aínda que non hai probas concluíntes, polo que se pode afirmar que a incineración sería a práctica máis xeneralizada, como sucedía noutras zonas peninsulares.



F04 [Recreación de incineración]

O mundo antigo

Roma

No mundo romano, os costumes en torno ao rito funerario foron variando entre a incineración e a inhumación, así como unha combinación de ambas as denominadas os *rectum*. Durante os primeiros séculos os enterramentos sucedíanse nas marxes dos camiños e algúns terreos próximos, pero é a partir da Lei das XII Táboas e posteriormente polo código teodosiano que quedan totalmente prohibidos os enterramentos *in urbe*, é dicir, no interior da cidade. Desde entón, as tumbas dos romanos abríronse indistintamente tanto no campo, na beira dos camiños, como en xardíns de pertenza do defunto, ou nun terreo comprado con ese propósito. Un exemplo deste tipo de enterramentos atopámolo na Vía Apia en Roma, os mortos debían estar afastados do mundo dos vivos.

Os romanos fixeron unha grande achega á arquitectura funeraria grazas aos "columbarios", espazos funerarios colectivos formados por nichos dispostos en modo de niños de pomba, nos cales eran depositados urnas ou bustos.

Pero foi no deseño e construción de mausoleos, que poderían derivar dos *tholoi* de Etruria ou do mausoleo de Halicarnaso, onde máis se destacaron, establecendo unha clara influencia na arquitectura funeraria decimonónica.

A especial composición do subsolo romano permitiu a escavación de hipoxeos, galerías subterráneas ou pasaxes escavadas que funcionaban como tumbas dun só nivel para o uso dunha familia. Atopábanse dotados a nivel espacial de escaleiras, vestíbulo e cámaras sepulcrais, os defuntos eran colocados en cadaleitos, sartegos de pedra, tumbas ou nichos.

Arte paleocristiá: os inicios do cristianismo

O concepto da morte cambia notablemente coa aparición do cristianismo. No mundo pagán a alma sobrevivía en certos lugares sendo lembrada, mentres que para os primeiros cristiáns, hai vida despois da morte.

Nun comezo os primeiros enterramentos foron moi arcaicos, estando máis centrados na propia resurrección. Entendían a sepultura como un limiar desde o que espertarán nun mundo mellor.

Os hipoxeos en moitos casos transformáronse en cemiterios ao ser cedidos polas familias nobres recentemente convertidas, destinadas ao enterramento dos primeiros mártires e cristiáns, sendo as catacumbas unha evolución destes espazos. Os ambulacri ou corredores foron engadidos e nas súas paredes escavados nichos dispostos en forma rectangular onde eran colocados os defuntos sen cadaleito, simplemente cubertos cun lenzo ou tapiados con lápidas de pedra.

O cristianismo estableceu grandes transformacións na concepción do enterramento, que co paso do tempo evolucionou ao que hoxe coñecemos co concepto de cemiterio. O termo provén do latín *cementarium* e do grego *Koimetérion*, ambas remiten á palabra "dormitorio", lugar onde descansan os corpos ata o día da resurrección.

No século IV cando o emperador Teodosio declarou oficial a igrexa cristiá, xorde a necesidade de atopar un modelo arquitectónico onde poidan levar a cabo os rituais litúrxicos, é tomada a basílica romana como referente ao non contar cun uso específico e non ter carácter relixioso vinculado ao mundo pagán.

Co paso do tempo, os emprazamentos onde se atopaban enterrados os santos e mártires convertéronse en cemiterios ad santos, é dicir abandonáronse as catacumbas así como a idea de situar os cemiterios no exterior dos núcleos poboacionais; convertéronse as igrexas nos novos lugares de enterramento, costume que permanecerá vixente ata comezos do século XIX e no caso de Galicia ata finais da mesma centuria.



[Catacumba de San Callisto. A cripta do Papa, Roma] F05

O mundo medieval

A transformación nas inhumacións extra muros da antigüidade ao interior dos templos, foi un proceso que se realizou de forma gradual, tivo comezo nos espazos ao exterior dos núcleos de poboación nos antigos lugares de enterramento ao redor da *martyrya* ou sepulcro dun santo; estes foron denominados *ad sanctos*. Nunha segunda fase, edificáanse basílicas nestes lugares sacros rodeadas de tumbas. Co anterior, atopámonos cunha dualidade presente nas cidades ao comezo da Idade Media, por unha banda, unha sede da administración episcopal conformada pola catedral no interior do núcleo e, por outra banda, unha representada polo santuario do cemiterio no exterior.

O ingreso dos mortos no interior da cidade seguirá evolucionando, pásase dun enterramento *ad sanctos* ou no santuario, a un enterramento *apud ecclesiam* ou na igrexa, proceso que foi determinante na nova modificación da paisaxe tanto urbana como rural do mundo medieval.

Durante este período, a Igrexa vai tomando aos poucos o control sobre a morte e establece novas relacións sociais e económicas propias do mundo feudal, dá así como resultado a posterior creación do cemiterio cristián sometido a lexislación propia.

A partir do século XVII os enterramentos no interior das igrexas xeneralízanse a tal punto que non só os nobres e clérigos eran os únicos en ocupar estes espazos, a clase media asume o rito como propio e comeza coas súas inhumacións.

Os chans dos templos pasaron a converterse en auténticos cemiterios, a xente camiñaba sobre as sepulturas e non había practicamente diferenzas entre os enterramentos do interior cos do exterior, polo que as tipoloxías de enterramento máis habituais neste período serán as que corresponden coa tumba a nivel de chan, a tumba mural con sartego baixo un arco e o sartego exento, ás que podemos engadir as capelas funerarias privadas.

Un dos exemplos máis representativos en Galicia está no mosteiro de San Pedro de Rocas, localizado na Ribeira Sacra, Ourense. O emprazamento conta con dúas igrexas con numerosas sepulturas antropomorfas escavadas na propia rocha do terreo tanto no exterior, como no interior dos templos.

Nesta época o cemiterio convértese nun lugar social, nun lugar de encontro

O mundo moderno

O Renacemento

Ao final da Idade Media a visión do home sobre a morte contéplase como unha vía de escape e liberación. A vida é sumamente dura e difícil como consecuencia dunha economía fundamentalmente agrícola, unha sociedade feudal fragmentada, as epidemias que azoutaron Europa e un control total por parte da Igrexa. É co Renacemento cando se produce unha ruptura co pasado medieval, coa desaparición do feudalismo que dá inicio á orixe dunha sociedade dominada polas institucións monárquicas, o desenvolvemento dunha economía urbana e mercantil auspiciada por unha burguesía que sempre promoveu o mecenado.

Comeza a independencia do poder relixioso e do político, que reduce o medo da época medieval e incrementa o desexo do home por ser lembrado.



[San Pedro de Rocas, Esgos, Ourense] F06

A visión de angustia cara á morte transfórmase cara a unha visión máis apracible e serena, que leva ao gozar da vida. O pensamento humanista confire un sentimento de reafirmación da propia personalidade, fai que o home pense non só en “vivir”, senón en como pode sobrevivir á propia morte.

Nesta época comeza a fomentarse un sentimento máis laico da morte, que dilúe as diferenzas de clases polo menos a visión cara á morte, non obstante, a localización das sepulturas dentro dos templos cada vez máis saturados, responderá a un status social moi definido. En canto aos enterramentos, mantéñense as tipoloxías herdadas do mundo medieval como son como son as lápidas no chan, as tumbas murais, os arcosolios e os sarteos exentos, ademais aparecen novos como a cama sepulcral con clara inspiración e talla italiana.

O Barroco

As ideas humanistas do Renacemento supuxeron unha pausa da visión pesimista da vida que se tiña na Idade Media, con todo co inicio do Barroco, retómaranse as vellas ideas cun carácter cargado de dramatismo e un realismo grotesco.

A comezos do século XVII, os ritos funerarios regularízanse dentro da poboación, vólvese unha práctica moi habitual a misa de corpo presente; así, alcanzan unha grande aceptación as pompas fúnebres e convértese a cerimonia ou acto nun grande espectáculo. Con todo isto, a Igrexa comeza a gañar maior poder e consegue unha maior influencia nos templos.

Os enterramentos manteñen a súa localización no interior e exterior dos templos; as súas tipoloxías son as mesmas do Renacemento, pero influenciadas polos novos costumes, reflectidos en cambios na iconografía, a escultura e a suntuosidade dos seus monumentos.



F07 [Convento de Santa Clara, Santiago de Compostela]

Romanticismo

O final do Barroco trouxo consigo unha nova época na que a natureza foi tomada como un lugar de contemplación e de reflexión para o home. A visión cobra un novo cariz, converte a tumba nun lugar de meditación e de nostalxia.

Nesta época introdúcese unha visión nova sobre os vivos como “usuarios” na ocupación dos espazos funerarios, coa idea de que a morte non só é dor e tristeza, senón paz e serenidade; vai ser o conxunto formado pola tumba, a illa, a vexetación e a auga o que lle dá sentido á perda. A arquitectura paisaxística e a pintura conforman dous campos de expresión deste pensamento.

O home comeza a preocuparse máis pola perda dos seres queridos que pola súa propia morte, dáse o comezo do verdadeiro culto ás tumbas e aos cemiterios a través da personalización e visita melancólica ás lápidas, coa idea de que o recordo confire ao falecido unha sorte de inmortalidade, plasmada nun dó cun carácter ostentoso.

En contraposición ás épocas anteriores, a familia alcanza un maior protagonismo, xa que o moribundo transmíttelle as súas últimas vontades en detrimento da Igrexa, o que dá lugar a un testamento “laico”.

Co paso do tempo, as grandes celebracións comezan a decaer, dan paso ao uso do féretro e ao xurdimento da necrolóxica principalmente nas cidades. Os epitafios comezan a ser máis extensos e cheos de lembranzas das virtudes do defunto, vai haber cabida para a dor e as bágoas fronte á morte.

Ao longo do século XVIII o enterramento no interior dos templos comeza a ser cuestionado, nunha primeira instancia pola propia Igrexa debido a problemas de ocupación. Durante este período, sucedéronse políticas de prevención de epidemias, o control sobre o tráfico portuario, a execución de plans xerais de rede de sumidoiros e a retirada de desperdicios das vías públicas, pero o enterramento no interior das poboacións continuaba constituíndo un evidente risco para a saúde pública. É a partir dos principios da Ilustración cando xorde unha nova mentalidade hixienista como consecuencia dos avances científicos, o que dá lugar á clausura de gran cantidade de camposantos e o consecuente comezo da construción de cemiterios periféricos dentro dos poboados.

Foi no ano de 1781, baixo o reinado de Carlos III, cando a situación foi abordada de forma definitiva. Como consecuencia dunha epidemia sufrida na vila de Pasaia (Guipúscoa), causada polo fedor dos cadáveres enterrados na igrexa parroquial. O 3 de agosto de 1784 dítase a Real Orde sobre establecemento xeral de cemiterios que dispoñía que a partir de entón os cadáveres non fosen inhumados nas igrexas. Era unha medida que viña ser un reflexo inmediato da prohibición francesa de 1776. Tres anos máis tarde, esta medida foi ratificada por medio da cédula 3-4-1787, polo que quedou totalmente prohibido a inhumación no interior dos templos.

As súas principais conclusións resúmense nos seguintes puntos:

“Observancia das disposicións canónicas para o establecemento da disciplina da Igrexa no uso e construción de cemiterios, segundo o mandado no ritual romano”.

Tentar aplicar a medida en primeiro lugar naqueles lugares que experimentasen epidemias “en beneficio da saúde pública dos seus súbditos, decoro dos templos e consolo das familias, cuxos individuos se deben enterrar nos cemiterios”.

Intento de establecer os cemiterios fóra das poboacións ou en grandes espazos libres que puidesen existir no seu seo, en “sitios ventilados e inmediatos á as parroquias”.

Empregar a menor cantidade de diñeiro posible, baixo deseño cural.

Usar os fondos de fábrica das igrexas ou outros fondos parroquiais distintos, contando con apoio público nun terzo ou a metade do orzamento, ademais dos terreos, se fosen propios ou comunais.

Uso do regulamento do cemiterio de San Ildefonso, “feito de acordo do Ordinario Eclesiástico”.

A implantación da Real Cédula trouxo consigo unha serie de receos por parte do clero, que vía a posibilidade de perder “o seu poder sobre os mortos” e podería recaer en mans do poder civil.

Cemiterio pechado

Distínguese polo predominio do construído sobre a natureza, delimita o recinto mediante o uso de muros perimetrais e portadas monumentais. O espazo central atópase perfectamente acoutado e destinado a tumbas con forte presenza do construído sobre a contorna natural.

Cemiterio aberto

Esta tipoloxía non presenta límites construtivos, é a natureza da contorna a protagonista. As lápidas son sinxelas, salvo no caso de defuntos ilustres, os edificios existentes están destinados á capela, o crematorio ou o osario.



F08 [Ilustración da peste negra]

Cemiterio edificio

Formado por un grande enterramento colectivo ou crematorio, só os personaxes ilustres contan con tumba individualizada.

En España, o proceso de construción de cemiterio extra muros foi lento e non se levou a cabo ata finais do século XIX.

O mundo montemporáneo

O mundo rural galego viuse pouco influenciado polos tratados hixienistas postulados e tiveron que ser impostas outras Reais Ordes que sempre se atoparon con impedimentos. O modelo tardou en implantarse por varias razóns:

A gran tradición católica presente no territorio, os fregueses delegaban na Igrexa a custodia dos seus defuntos.

A resistencia por parte da Igrexa para renunciar ao establecemento de "sepulturas dignas" para aqueles que puidesen comprar ese dereito.

Problemas de financiamento, ao ter que sufragar os gastos dos novos emprazamentos nas igrexas.

O gran número de parroquias e a dispersión social da poboación motivou condicións especiais por parte do goberno, permitiu así a redución e lugar do emprazamento.

Do mesmo xeito que en gran parte do territorio galego, a maioría dos cemiterios "extra muros" do concello da Lama foron edificadas a comezos do século XX. Con todo, a tradición histórica do templo perdura no tempo e na memoria colectiva, fai deles fitos dentro da propia paisaxe e focos dunha rica actividade social.

A PARROQUIA E A SÚA RELEVANCIA COMO REFERENTE ESPACIAL

Definición de parroquia

A parroquia é unha unidade territorial básica con orixe relixiosa nas igrexas cristiás.

A parroquia é unha comunidade de fieis agrupada na contorna dunha igrexa pero funciona tamén como grupo social e marco territorial non administrativo, de xeito que non ten recoñecemento oficial pero actúa como marco oficioso recoñecido polas administracións superiores.

O hábitat galego presenta unhas características propias que fan da parroquia a unidade territorial de referencia, especialmente no medio rural.

Galicia conta con 3.772 (fonte IXE) parroquias moi diversas entre si en canto ao tamaño e características xerais. Á súa vez as parroquias agrúpanse en arciprestados, a unidade relixiosa superior que conforma unha diocese.

O parroquial suevo

Unha das mencións máis antigas que se coñece para as parroquias galegas é o Divisio Theodemiri, manuscrito da segunda metade do século VI coñecido como Parrochiale Sueveum. O Reino Suevo contaba con 134 parroquias e 13 dioceses recollidas neste documento sen equivalente historiográfico coñecido e que supón unha valiosa fonte de información, non só para a organización eclesiástica senón tamén para os estudos históricos, toponímicos, xeográficos e arqueolóxicos, entre outros. O documento e a súa antigüidade (data posiblemente do ano 569) amosan a relevancia da parroquia en Galicia e o seu peso conformador de identidade territorial e comunitaria.



[A igrexa é o centro simbólico da parroquia] F09

A parroquia territorial

O territorio galego conta cunha rede parroquial dende a Baixa Idade Media, o que supón unha malla na que se acomoda unha densa estrutura de núcleos propias dun hábitat propio na procura da optimización na adaptación ao medio físico. A parroquia contén a aldea e esta o lugar dividido en barrios e conformado por rueiros. Esta atomización da organización territorial relaciónase co modelo de tenencia da terra e coa adaptación a un medio físico que permite diversos modelos produtivos e organizativos.

Cada parroquia conta cun territorio definido con límites claros e coñecidos por todos os habitantes da contorna, unha superficie de montes comunais, un conxunto de aldeas vinculado e unha igrexa (con cemiterio asociado, anexo ou non) como eixe do conxunto.

Os lindes parroquiais coinciden, xeralmente, con camiños ou accidentes xeográficos como cursos fluviais, outeiros ou serras. Estas fronteiras son coñecidas pero pouco claras, o que xera disputas históricas entre parroquias pola definición territorial, e que contribúe na actualidade ao despoboamento, o abandono e a falta de vinculación directa co territorio.

A parroquia social

O conxunto de elementos xera vínculos alén do material, crea comunidade e unha asociación simbólica que ten a súa representación física na igrexa, tanto polo aspecto relixioso como polo seu simbolismo como monumento representativo da existencia mesma da realidade parroquial.


Cada parroquia conta cunha advocación concreta que ten relevancia relixiosa, simbólica e organizativa. O calendario anual muda en función das festas, inclúe a festa patronal como epicentro das celebracións de calquera parroquia rural. Aínda a día de hoxe as parroquias veciñas compiten entre si por ter as mellores festas.

A festa ten unha base relixiosa, pero conta tamén con numerosos eventos laicos e profanos relevantes como, por exemplo, a gastronomía ou a verbena, que conforma en conxunto un acto de afirmación de pertenza. Esta aspecto toma especial relevancia a día de hoxe, en que amplos continxentes de poboación residente no exterior retornan á aldea co motivo da celebración da festa patronal.

As parroquias actuais manteñen peso na organización territorial e social, pero este vai decaendo dende os anos 1960 polo éxodo rural e o avellentamento da poboación. A parroquia significa cohesión veciñal e identidade, pero vai perdendo pulo no ámbito periurbano e ten desaparecido no urbano como referente espacial e emocional.

A parroquia marca o devir da vida ligando a relixiosidade coa sociabilidade, pero alén da institución eclesiástica, a parroquia supón a cohesión da comunidade e un forte vínculo co individuo dende o seu nacemento ata a súa morte.

O Concello da Lama, conta con dez parroquias entre as que podemos citar: San Salvador da Lama, Santiago de Antas, Santa Ana da Barcia do Seixo, San Martiño de Verducido, San Lourenzo da Escuadra, San Sebastián de Covelo, San Pedro de Gaxate, San Bartolomeu de Seixido, San Bartolomeu de Xesta e San Paulo de Xende.



F10 [Os símbolos relixiosos sacralizan o territorio. Capela de Santa Mariña, serra do Cando]

ORGANIZACIÓN ESPACIAL: OS ENTERRAMENTOS

Na Galicia rural podemos falar de tres tipoloxías de enterramentos: as sepulturas, nichos e panteóns en menor medida, todas presentes no concello da Lama.

Sepulturas

Herdeiras dos antigos enterramentos no interior das igrexas, presentan unha disposición horizontal e manteñen o vínculo de conexión coa terra. En todos eles, o cadáver é disposto no interior a través da súa cara superior.

Ao longo do concello podemos atopar a súa presenza, principalmente as denominadas “tumbas baixo terra con laxa ou lápida” dispostas no atrio, sendo un costume herdado da tradición medieval.

Outra das tipoloxías presentes son as “tumbas baixo terra e remate frontal” que responde a unha variación da anterior, lixeiramente elevada en ocasións cunha cruz, fornelo ou imaxe relixiosa.

E por último as “tumbas sobre terra” evolución das anteriores e evolución cara aos nichos, atópanse elevadas do chan cun remate frontal.

En canto á súa disposición dentro do recinto, atópanse situadas na contorna próxima ao templo, próximas unhas doutras e colocadas, xa sexa de forma aleatoria, ou perfectamente ordenadas formando filas e columnas.

As situadas en lugares privilexiados, como o acceso á igrexa, adoitan corresponder a aqueles personaxes de maior relevancia social, como son os párrocos ou os benefactores.



[Sepulturas na igrexa de Santa Ana da Barcia do Seixo] F12



F11 [Sepulturas na igrexa de San Sebastián de Covelo]



[Sepulturas na igrexa de San Bartolomeu de Xesta] F13

Nichos

Responden a enterramentos de disposición vertical e elevados sobre o nivel do chan, son unha solución ás necesidades espaciais do cemiterio, así como as máis estendidas na actualidade. Nesta tipoloxía o cadáver é disposto no interior a través do lado frontal menor.

Dados os problemas espaciais que comezaron a xurdir nos novos cemiterios, o nicho aparece como unha boa e económica solución ante este problema. A súa construción xeneralizouse a principios do século XX, situouse de forma inicial no peche perimetral do recinto funerario, pero co paso do tempo ocupa unha maior superficie e conforma rúas lonxitudinais e transversais, así como pequenas prazas con cruceiros.

O seu deseño parte da idea de pequenos alicerces ou pilastras que soportan o remate superior formado por un frontón triangular e/ou unha cruz, a pedra e o mármore son os materiais máis empregados.

Nun principio, presentaron unha decoración case “barroca” cargada de artificio plasmado en grandes detalles decorativos, marcos con fotos, dedicatorias, etc., mentres que na actualidade son máis simples cunha única lápida co nome da familia, acompañada dunha relación de nomes e datas dos defuntos.



F14 [Conxunto de nichos na igrexa de Santa Mariña de Aguasantas]



[Detalle da coroación do nicho no cemiterio na parroquia de San Martiño de Verdúcido] F15



[Conxunto de nichos na igrexa de San Pedro de Gaxate] F16

Panteóns

Construcións cuxa orixe procede das capelas familiares do interior dos templos. Nelas gárdanse os restos dunha familia, como símbolo de distinción social plasmada en deseños ostentosos.

Conformados por construcións de pedra de forma rectangular ou cadrada, adoitan estar situados en zonas moi visibles e estratéxicas do cemiterio, con deseños baseados en estilos historicistas coma o Románico, Gótico, clásico, eclecticismo e Modernismo, influenciados polas Academias de Belas Artes.

No concello da Lama hai varios exemplos representativos deste tipo de enterramentos, levantados principalmente na primeira metade do século XX.



F17 [Panteón da familia Ogando Herranz no cemiterio de San Martiño de Verducido]



[Capela no cemiterio de San Martiño de Verducido] F18

Monumentos fúnebres

Moi escasos dentro do concello da Lama, pero presentes nalgunhas parroquias, son construcións que buscan conmemorar o recordo dalgún personaxe importante da comunidade, dalgunha traxedia presente na parroquia ou de seren sufragados por parte do colectivo social. Son considerados monumentos pola súa carga emotiva, dado que a gran maioría carece de calidade artística propiamente dita.

Como exemplos deste tipo de construcións atopamos o enterramento dos párrocos, como é o caso de D. Rogelio Camiña Garrido, cuxo enterramento se atopa encostado a un dos laterais da portada principal da igrexa de San Paulo de Xende. Cunha tipoloxía de tumba de laxa de pedra, neste caso de mármore negro, conta cunha reixa coroada con cruces que destaca dentro do propio recinto relixioso.

Outro exemplo son os enterramentos de personaxes protectores ou mecenas da parroquia que deixan de manifesto a influencia social exercida polo defunto. Un exemplo claro é a pequena capela dentro do cemiterio da parroquia de San Martiño de Verducido que conmemora os doadores que custearon as obras do cemiterio, cos nomes de cada un deles e o importe en pesetas achegado.

BIBLIOGRAFÍA

AA. VV. (2009). *A parroquia en Galicia: pasado, presente e futuro*. Xunta de Galicia, Santiago de Compostela.

BETTENCOURT, A. (2010). "La Edad del Bronce en el Noroeste de la Península Ibérica: un análisis a partir de las prácticas funerarias". *Trabajos de Prehistoria*. Núm.67. CSIC. Madrid. P. 85-100.

DURÁN VILLA, F.; SÁNCHEZ GARCÍA J.; FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ C. M. (2005). "Asilos de la muerte. Higiene, sanidad y arquitectura en los cementerios gallegos del siglo XIX". *Semata, Ciencias Sociais e Humanidades*. Vol. 17. USC. Santiago de Compostela, España. P. 435-472.

FARIÑA TOJO, J. (1980). *Los asentamientos rurales en Galicia*. Instituto de estudios de la Administración Local, Madrid.

FRÉAN CAMPO, A. (2014). "Persistencia en la tradición cultural del noroeste peninsular: una explotación del imaginario de la muerte hacia el pasado". *GALLÆCIA*. Num. 33. USC. Santiago de Compostela. P. 159-188.

GARCÍA DOCAMPO, M.(2003): *A construción social do territorio galego*. TresCtres. Santa Comba (A Coruña).

GONDAR PORTASANY, M. (2005). "As narrativas sobre a Morte na cultura tradicional. Semántica e Pragmática da ars moriendi galega" en AA.VV.: *Actas das III xornadas de literatura de tradición oral: Mitoloxía da morte, ánimas e pantasmas*. Asociación de Escritores en Lingua Galega. Vigo.

LISÓN TOLOSANA, C. (2004). *Antropología cultural de Galicia*. Akal. Madrid.

MARIÑO FERRO, X. R.; GONZÁLEZ REBOREDO, X.M. (2010). *Dicionario de etnografía e antropoloxía de Galicia*. Nigratea. Vigo.

PÉREZ NAYA A. M. (2007). *Arquitectura del silencio y la memoria. Análisis de los cementerios de la Costa da Morte gallega*. Tesis doctoral Universidade da Coruña. A Coruña. P. 534.

PÉREZ NAYA, A. M. (2012). "Arquitectura de la muerte en Galicia. Análisis de los cementerios de la Costa da Morte". *Galegos-Gallegos*. Núm. 17. Ediciones Ensenada de Ézaro. Santiago de Compostela. P. 85-100.

SANTOJA J. L. (1998). "La construcción de cementerios extramuros: un aspecto de la lucha contra la mortalidad en el antiguo régimen". *Revista de Historia Moderna: Anales de la Universidad de Alicante*. Núm. 17. Fundación Española de Historia Moderna-CSIC. Madrid. P. 33-44.

SAAVEDRA, P.; SOBRADO, H.; PRESEDO, A. (2013). "La red parroquial y el clero rural en la Galicia de los siglos XVI-XIX: resultados de una investigación en curso". *Obradoiro de Historia Moderna*. Núm. 22.

SÁNCHEZ PARDO, J. C. (2014). "Organización eclesiástica y social en la Galicia tardoantigua. Una perspectiva geográfico-arqueológica del parroquial suevo". *Hispania Sacra*, LXVI. P. 134.

FIGURAS

Portada. Cementerio na parroquia de Xesta. Fotografía cortesía de Manuel Ángel Bugallo Otero.

F01. Philippe de Champaigne. Vanitas. Pintura. www.wikipedia.com [Consultado: <setembro 2017>].

F02. M. Macho. Musée de l'home de Neandertal. Fotografía. www.ztfnews.wordpress.com [Consultado: <setembro 2017>].

F03. JM Bello. Aspecto que presentaba Dombate durante los trabajos de excavación. Fotografía. didcticadelpatrimonicultural.blogspot.com.es [Consultado: <setembro 2017>].

F04. MUVICC. El mundo de los muertos. Ilustración. www.didcticadelpatrimonicultural.blogspot.com.es [Consultado: <setembro 2017>].

F05. Dnador 01. Roma, Catacombe di San Callisto, La cripta dei Papi. Fotografía. www.commonswikimedia.org.

F06 MM. San Pedro de Rocas. Fotografía. www.flickr.com [Consultado: <setembro 2017>].

F07. Iago Casabiell. Convento de Santa Clara, Santiago de Compostela. Fotografía. www.commonswikimedia.org [Consultado: <setembro 2017>].

F08. Catherine Martínez. Peste Negra. www.lifeder.com [Consultado: <setembro 2017>].

F09 , F10 y F12. Fotografías cortesía de Fran García Fernández.

F11, F13 a F19. Fotografías cortesía de Manuel Ángel Bugallo Otero.



[Cruz no cemiterio de San Martiño de Verducido] F19